



TERCEIRA ACTA DA XUNTA ELECTORAL

PROCLAMACIÓN DE CANDIDATOS

No CEIP O Couto de Ourense, ás 09:30 horas do día 30 de novembro de 2022, previa convocatoria regulamentaria, reúnense os membros da Xunta Electoral deste centro, constituída ao efecto o día dous de novembro e integrada polos componentes que se sinalan á marxe da presente acta, coa fin de proceder á proclamación dos candidatos elixidos na votación realizada a tal fin e, así mesmo, dar traslado da acta recibida á xefatura territorial da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

ASISTENTES:

Presidenta:

María Pérez Laso, directora do centro.

Secretario:

Patricia López Rodríguez, nai.

Vocais:

María Margarita Bastos Rodríguez, mestra
César Lorenzo Mojón, representante do
persoal de administración e servizos.

Despois de abrir a sesión o presidente, trátanse os seguintes asuntos:

1.- Dar lectura das actas recibidas das correspondentes mesa electorais para a elección dos representante do profesorado , pais/nais e persoal de administración e servizos no Consello Escolar.

2.- De acordo co establecido nos artigos 31º e 51º do Decreto 92/1988, do 28 de abril (DOG do 29), quedaron proclamados como candidatos elixidos para formar o Consello Escolar do centro os seguintes representantes:

- Profesorado:

- Inés Losada Alonso 10 (dez) votos
- Aránzazu Rodríguez Blanco 9 (nove) votos

- Pais/nais

- Patricia Suárez Rodicio 18 (dezaioito) votos
- Esmeralda Vázquez Deus 17 (dezasete) votos
- Lourdes Díaz Díaz 10 (dez) votos

Faise constar que:

- a representante proposta pola ANPA do colexio, de acordo co establecido no artigo 39 do Decreto 74/1996, do 17 de outubro (DOG do 21) continuará sendo Chiara María Lazzaretto

-a representante proposta polo Concello de Ourense continuará sendo Delfina Lage Fernández.



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN
PROFESIONAL E UNIVERSIDADES

C.E.I.P. "O COUTO"

Rampa de Sas s/n – 32002 Ourense
Telf.: 988 783060
e-mail: ceip.couto@edu.xunta.gal

3.- Tal e como se contempla no artigo 51 do devandito Decreto 92/1988, do 28 de abril, acordouse enviar a acta recibida á Xefatura Territorial da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades.

4.- De acordo co citado artigo 51 do Decreto 92/1988, do 28 de abril, contra a presente proclamación de candidatos elixidos poderase presentar por un prazo de 15 días reclamación perante o Xefe Territorial da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria. A resolución desta poñerá fin a vía administrativa.

E sen máis asuntos que tratar a presidenta da Xunta Electoral levantou a sesión ás 09:45 horas do día, mes e ano ao principio sinalado e, como proba de conformidade con todo no que na mesma foi tratado, é firmada a presente acta por tódolos asistentes.

Ourense, 30 de novembro de 2022

Vº e Prace
A presidenta

María Pérez Laso



A secretaria da Xunta Electoral

Patricia López Rodríguez

Os vocais

María Margarita Bastos Rodríguez

César Lorenzo Mojón